

## Concello de Ortigueira

### INFORME DA UNIDADE TÉCNICA DE ASISTENCIA

Exp.:1631/2024

**Procedemento:** Aberto simplificado sumario para a contratación subministro de luminarias tipo led en instalacións deportivas

Maria Luisa Sierra Vale, funcionaria administrativa; asistida por Iago Manuel Bermejo Varga, secretario xeral e Silvia Lamelas Soto, interventora municipal; como integrantes da Unidade Tecnica de Asistencia prevista no prego de cláusulas administrativas que regula o procedemento aberto simplificado sumario para a contratación da subministración de luminarias tipo led en instalacións deportivas, emite o seguinte INFORME:

I.- Antecedentes os que constan nos informe desta UTA de datas 20.09.2024, 11.10.2024, 17.10.2024, 29.10.2024 e 07.11.2024

### II.- Reclamación da licitadora ORUS ELÉCTRICA SL contra calculo valoracion e clasificación de ofertas

Con data 09.11.2024 número de rexistro 2024-E-RE-2302 a licitadora ORUS ELÉCTRICA SL presenta escrito no Rexistro Xeral do Concello mediante o cal interesa a revisión de cálculo da puntuación e clasificación de ofertas xa que se aprecia un erro en devandito calculo da puntuación de ORUS Electrical SL dado que non é posible que dita licitadora teña menor puntuación no criterio económico que outros licitadores que realizaron unha baixa menor o que evidencia un claro erro no calculo da puntuación.

Revisada a puntuación realizada por esta UTA e que consta no informe do día 29.10.2024 comprobouse que efectivamente existe un erro, xa que:

-De conformidade co establecido no prego de cláusulas administrativas a valoración do criterio económico realizouse aplicando a fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela1 (<https://www.dacoruna.gal/contratacion/valoracion>) Fórmula 2020. (**Únicamente para a obtención da puntuación pola oferta económica -non se ten en conta para o calculo de baixa anormal ou desproporcionada por establecerse no prego de clausulas administrativas que este realizarse de conformidade co art. 85 do Regulamento eral da lei de Contratos das Administracións Publicas**), co seguinte resultado:

Táboa de resultados: Valoración Técnica e da Redución de Prazos,  
Valoración Económica e Valoración Total [Exportar](#)

Contrato/concurso: subministro luminarias

Prezo de licitación: 34310,00 €

Límite oferta temeraria: 26.164,72 €

Nº	Nome Empresa	Oferta Económica	Baixa (%)	Puntuación Val. técnica	Puntuación Val. económica	Temeraria	Total
1	AOPIL	24913,40	27,39	0,00	29,37	Si	29,37
2	ORFA SL	29195,00	14,91	0,00	24,35	Non	24,35
3	ECIMAN SL	19999,86	41,71	0,00	35,00	Si	35,00
4	GRUPO ELECTRO STOCKS SL	28610,00	16,61	0,00	25,13	Non	25,13
5	INSATEL INSTALACIONES SL	29094,00	15,20	0,00	24,58	Non	24,58
6	ORUS ELECTRICA SL	26761,80	22,00	0,00	27,25	Non	27,25
7	OSCAR BLANCO	31468,84	8,28	0,00	13,52	Non	13,52
8	TERMAX SUMINISTRO SL	32951,00	3,96	0,00	6,47	Non	6,47



## Concello de Ortigueira

-Non obstante ao pasar ditos datos a táboa de clasificación de ofertas cometeuse un erro xa que na columna de puntuación da oferta económica de dita licitadora fíxose constar o dato 22, que se correspondía coa porcentaxe da baixa en vez do dato da puntuación 27,25

Licitador	Importe	Puntua	Garantía	Puntu	Prazo Entrega	Puntu	TOTAL
ECIMAN SL	19.999,86	35	60 me	25	2 sem	30	90,00
AOPIL SL	24.913,40	29,37	49 me	25	2 sem	30	84,37
GRUPO ELECTRO STOCKS SL	28.610,00	25,13	49 me	25	2 sem	30	80,13
ORFA SL	29.195,00	24,35	49 me	25	2 sem	30	79,35
ORUS ELECTRICA SL	26.761,80	22,00	49 me	25	2 sem	30	77,00
INSATEL INSTALACIONES SL	29.094,00	15,20	49 me	25	2 sem	30	70,20
OSCAR SANCHEZ BLANCO	31.468,84	8,28	49 me	25	2 sem	30	63,28
TERMAX SUMINISTROS SL	32.951,00	3,96	49 me	25	2 sem	30	58,96

-Evidentemente a puntuación pola oferta económica que lle corresponde a licitadora cunha oferta económica de 26.761,80 euros non pode ser inferior a puntuación obtida por outras licitadoras con importes superiores das súas ofertas económicas, tal como alega a interesada

-Asemade comprobase que o mesmo erro cometeuse nas puntuacións das licitadores de INSATEL INSTALACIONES SL, OSCAR SANCHEZ BLANCO e TERMAX SUMINISTROS SL

Estimase que se trata de un erro material ou matemático que de conformidade co artigo 109.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas podese rectificar en calquera momento, de oficio o a instancias dos interesados

Consecuentemente, procede:

A.- Corrixir os devanditos erros materiais e aritméticos detectados na táboa de valorización e clasificación das ofertas presentadas e admitidas no procedemento, polo que a puntuación e clasificación definitiva das ofertas é a que a continuación se indica:

Licitador	Importe	Puntua	Garantía	Puntu	Prazo Entrega	Puntu	TOTAL
ECIMAN SL	19.999,86	35	60 me	25	2 sem	30	90,00
AOPIL SL	24.913,40	29,37	49 me	25	2 sem	30	84,37
ORUS ELECTRICA SL	26.761,80	27,25	49 me	25	2 sem	30	82,25
GRUPO ELECTRO STOCKS SL	28.610,00	25,13	49 me	25	2 sem	30	80,13
INSATEL INSTALACIONES SL	29.094,00	24,58	49 me	25	2 sem	30	79,58
ORFA SL	29.195,00	24,35	49 me	25	2 sem	30	79,35
OSCAR SANCHEZ BLANCO	31.468,84	13,52	49 me	25	2 sem	30	68,52
TERMAX SUMINISTROS SL	32.951,00	6,47	49 me	25	2 sem	30	61,47

B.- Tal e como se aprecia na táboa anterior, como consecuencia da corrección dos erros detectados, varia orde de clasificación de ofertas, pasando ao terceiro lugar a licitadora ORUS ELECTRICA SL



## Concello de Ortigueira

Como se fixo constar no informe desta UTA do día 07.11.2024, dita licitadora presentou a seguinte documentación en acreditación de cumprimento de requisitos para resultar adxudicatario:

*“ORUS ELECTRICA SL, número de rexistro 2024-E-RE-2261 de data 04-11-2024, achega*

*Escritura de constitución outorgada ante a notaria de Madrid Maria del Rosaro Algora Wesolawski, en data 31.07.2012 número de protocolo 776, na que se consta o obxecto social, contemplándose, entre outros: “A importación, exportación, representación, distribución, almacenaxe, comercialización, confección, subministro... de toda clase de sistemas, equipos, aparatos, repostos, pezas e accesorios de electricidade, electronicas, mecánica hidraulica, especialmente produtos de aforro enerxético”*

*Certificado da Seguridade Social de carácter positivo*

*Certificado de Facenda Estatal de carácter positivo*

*Certificado de AEAT do censo de actividades económicas no que consta o epígrafe 663.9 comercio menor fora dun establecemento comercial permanente de outras clases de mercancías”*

C.- Estimando que ORUS ELECTRICA SL acredita reunir os requisitos para resultar adxudicataria do presente contrato e quedando demostrado que lle corresponde a adxudicación ao seu favor por ser a licitadora que obtivo maior puntuación (unha vez declarado que a primeira e segunda licitadora por orde puntuación non acreditaron ter a capacidade de obrar para o presente contrato), procede modificar o apartado segundo da proposta de resolución desta UTA do día 07.11.2024 no senso de propoñer a adxudicación a favor da licitadora ORUS ELECTRICA SL en lugar de Grupo Electro Stocks SL xa que esta licitadora esta na cuarta posición na clasificación de ofertas.

### CONCLUSIÓN

Consecuentemente, en virtude do exposto e dos antecedentes dos informes de esta UTA de data 0.09.2024, 11.10.2024, 17.10.2024, 29.10.2024 e 07.11.2024, propónse ao órgano de contratación, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- EXCLUÍR do procedemento aberto simplificado sumario para a contratación da subministración de luminarias tipo led en instalacións deportivas as seguintes licitadoras ACELEC INSTALACIONES ELECTRICA SL, CADIELSA, ECOENERGYDIRECT SL, FAS ELECTRICIDAD SA, LUMEA SOLUCIONES ELECTRICAS SL, MUNIELLO ELECTRICIDAD SA, TKLED ELECTRIC SL e TECNICA NOVA DE GALICIA SL por non achegar a ficha técnica dos artigos a subministrar no sobre ou arquivo electrónico tal e como se exige no prego de cláusulas administrativas en no cadro de características particulares -a falta de presentación desta ficha técnica, sera causa de exclusión da oferta-

Segundo.-EXCLUÍR do citado procedemento a licitadora PROELECTROSONIC SL por non haber presentado correctamente a ficha técnica nen haber emendado a deficiencias detectadas no prazo concedido ao efecto

Terceiro.- ADMITIR no procedemento as licitadoras AOPI S.L, CONSTRUCCIONES E INSTALACIONES ORFA S.L, ECIMAN S.L, GRUPO ELECTRO STOCKS S.L, INSATEL INSTALACIONES S.L, ORUS ELÉCTRICA S.L, TERMAX SUMINISTROS S.L e OSCAR SANCHEZ BLANCO

Cuarto.- DECLARAR que a licitadora ECIMAN SL xustifica adecuadamente a súa oferta polo que non incorre en baixa anormal ou desproporcionada

Quinto.- Clasificar as ofertas admitidas ao procedemento de conformidade coa seguinte táboa:



## Concello de Ortigueira

Licitador	Importe	Puntua	Garantía	Puntu	Prazo Entrega	Puntu	TOTAL
ECIMAN SL	19.999,86	35	60 me	25	2 sem	30	90,00
AOPIL SL	24.913,40	29,37	49 me	25	2 sem	30	84,37
ORUS ELECTRICA SL	26.761,80	27,25	49 me	25	2 sem	30	82,25
GRUPO ELECTRO STOCKS SL	28.610,00	25,13	49 me	25	2 sem	30	80,13
INSATEL INSTALACIONES SL	29.094,00	24,58	49 me	25	2 sem	30	79,58
ORFA SL	29.195,00	24,35	49 me	25	2 sem	30	79,35
OSCAR SANCHEZ BLANCO	31.468,84	13,52	49 me	25	2 sem	30	68,52
TERMAX SUMINISTROS SL	32.951,00	6,47	49 me	25	2 sem	30	61,47

Sexto.- DECLARAR que as licitadoras ECIMAN SL e AOPIL SL non contan coa capacidade de obrar necesaria para participar no procedemento aberto simplificado para a adxudicación do contrato da subministración de luminarias tipo led para instalacións deportivas no prazo de presentación das ofertas que finalizou o día 19 de setembro de 2024, xa que dentro do prazo concedido ao efecto non aportaron a documentación acreditativa de reunir dito requisito segundo o artigo 84 da Lei 9/2017: escritura ou documento de constitución, estatutos ou acta fundacional nos que consta como obxecto social a compravenda dos artigos obxecto do presente contrato de subministro e consecuentemente entender que os licitadores retiraron a súa oferta (art. 150.2 da lei de contratos do sector publico)

Sétimo.- ADXUDICAR o contrato de subministro de luminarias tipo led para instalacións deportivas a favor da empresa ORUS ELÉCTRICA SL, por ser a licitadora que obtivo maior puntuación e xustificou o cumprimento dos requisitos para resultar adxudicataria, no prezo de 26.781,80 euros máis 5.624,18 euros de IVE o que fai un total de 32.405,98 euros, cun prazo de garantía de 49 meses e un prazo de entrega de dúas semanas

Previamente a resolución de adxudicación deberase incorporar ao expediente informe de Tesoureira relativo as débedas da licitadora proposta para adxudicación co Concello, que debe ter carácter positivo, e informe de fiscalización fase D da interventora municipal

O que se informa aos efectos oportunos

Documento asinado dixitalmente

